



RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN PRIVADA

Vista a solicitude de inicio do procedemento de selección de adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de vivenda protexida de promoción privada de REXIME XERAL núm. 36-J-0037/05 presentada pola entidade promotora PROMOCIONES FERNÁNDEZ TABOADA, S.L.

Revisada a documentación achegada pola entidade e acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas (en adiante, Decreto 1/2010).

Visto o estipulado nos artigos 32 e seguintes do Decreto 1/2010.

RESOLVO:

1º Declarar a apertura do procedemento de selección de adxudicatarios no expediente de vivenda protexida de promoción privada de REXIME XERAL núm 36-J-0037/05

As características da promoción son as seguintes:

Localización:

R/ Camiño Real, 2-4 – VILAGARCÍA DE AROUSA

Forma de acceso: **Compra**

Estado de execución: **Rematada**

Número e tipoloxía das vivendas:

Vivenda Baixo A-B: 82,98 m², 3 dormitorios, garaxe e rocho.

Vivenda Baixo B-C: 84,96 m², 3 dormitorios, garaxe e rocho.

Vivenda 1º A-B: 82,98 m², 3 dormitorios, garaxe e rocho.

Prezo de venda:

Vivenda Baixo A-B: 144.272,10 €

Vivenda Baixo B-C: 148.456,80 €

Vivenda 1º A-B: 145.585,80 €

Forma de pago:

20% á sinatura do contrato, 80% hipoteca.

2º Outorgar ás persoas interesadas que, á data desta resolución de inicio, estean inscritos ou que teñan solicitude de inscrición no rexistro de demandantes de vivenda protexida no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da derradeira publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do Decreto 1/2010.

O Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Asdo.: José Manuel González González

